



29ª MITEU 2024

ORGANIZADORES / PATROCINADORES

UNIVERSIDADE DE VIGO (CAMPUS DE OURENSE)
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (TEATRO PRINCIPAL)
XUNTA DE GALICIA (SECRETARÍA XERAL DE CULTURA)
CERVEXAS ESMORGA
NEXT GENERATION EU
SARABELA TEATRO

COLABORADORES

CAFÉ AURIENSE
LICEO RECREO OURENSÁN
ACPP (ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ)

DATA	HORA	GRUPO	ESPECTÁCULO	ESPAZO	DURACIÓN	TARIFA
Xoves 11	19'00	ROSAURA. AULA UNIVERSITARIA DE OURENSE (GALICIA)	<i>Operación rescate</i>	Rúas de Ourense	50 min.	Libre
	20'00	COMPañÍA SIN MENTE TEATRO (COLOMBIA)	<i>Tomás «cuando el silencio es complicidad»</i>	TEATRO PRINCIPAL	47 min.	5 €
Venres 12	20'00	CORDELIA. AULA UNIVERSITARIA DE OURENSE (GALICIA)	<i>Retrato dun tremor</i>	TEATRO PRINCIPAL	45 min.	3 €
Domingo 14	19'00	TEATRO DEL BARRIO (MADRID)	<i>Autorretrato de un joven capitalista español</i>	TEATRO PRINCIPAL	80 min.	12 €-10 €-8 €
Martes 16	20'00	GRUPO DE TEATRO UPNA (NAFARROA)	<i>(Des)de los escombros</i>	TEATRO PRINCIPAL	60 min.	3 €
Venres 19	20'30	FACTORÍA DE SUBSISTENCIA (GALICIA)	<i>Concerto: Respirando... sempre!! 3º Album do grupo</i>	CAFÉ AURIENSE	70 min.	Libre
Sábado 20	20'00	TEATRO EL MAYAL. LEÓN (ULE) (CASTILLA-LEÓN)	<i>Sangre carbón</i>	TEATRO PRINCIPAL	60 min.	3 €
Domingo 21	19'00	BUDIÑO (GALICIA)	<i>Concerto: Branca vela</i>	TEATRO PRINCIPAL	80 min.	19€-17 €
Martes 23	20'00	TEATR'UBI (COVILHÃ. PORTUGAL)	<i>Nó_cega</i>	TEATRO PRINCIPAL	40 min.	3 €
Xoves 25	18'00	AULA DE TEATRO DE PONTEVEDRA (GALICIA)	<i>Estupidez artificial</i>	TEATRO PRINCIPAL	50 min.	3 €
	20'00	AULA DE TEATRO DE VIGO (GALICIA)	<i>Soño dunha noite de verán</i>	TEATRO PRINCIPAL	70 min.	3 €
Venres 26	23'00	ALDAOLADO (GALICIA)	<i>O benquerer(se)</i>	LICEO	50 min.	5 €
Domingo 28	19'00	AULA DA USC. LUGO (GALICIA)	<i>Deixando a pel</i>	TEATRO PRINCIPAL	50 min.	3 €
	20'30	TRIFÁSICO TEATRO. ESAD (GALICIA)	<i>Hámster</i>	LICEO	55 min.	3 €
Martes 30	19'00	EMULSIÓN TEATRO (EXTREMADURA)	<i>Bruñilda, Valquiria, mujer y cantante</i>	LICEO	65 min.	3 €
	20'00	PALLASOS EN REBELDÍA (GALICIA)	<i>Gala pro-Palestina</i>	TEATRO PRINCIPAL	90 min.	12 €-10 €-8 €
Mércores 1	20'00	AULA DE TEATRO DE LA UBU. BURGOS (CASTILLA-LEÓN)	<i>Con-sumo cuidado</i>	LICEO	85 min.	3 €
Xoves 2	20'00	AULA DA USC. SANTIAGO (GALICIA)	<i>Antropoloxía do bico (A síndrome do túnel carpiano)</i>	TEATRO PRINCIPAL	40 min.	3 €
Venres 3	19'30	EDUCACIÓN A TRAVÉS DA DANZA, CAMPUS OURENSE (GALICIA)	<i>O xardín das danzas</i>	PRAZA DE S. MARTIÑO	40 min.	Libre
	20'30	DANZA (MOZAMBIQUE/EUSKADI)	<i>Ertza</i>	PRAZA DE S. MARTIÑO	25 min.	Libre
Sábado 4	20'00	COMPañÍAS DE DANZA DA UNIVERSIDADE: (USC-Lugo, UDC-Coruña, UVigo-Ourense e A casa Vella) GALICIA)	<i>13ª Xornadas de danza</i>	TEATRO PRINCIPAL	70 min.	3 €
Mércores 8	20'30	QUICO CADAVAL - COMPañÍA EXCÉNTRICAS (GALICIA)	<i>30 Anos a contar estórias. Notas de rodapé</i>	LICEO	90 min.	5 €
Xoves 9	20'00	CLAUSURA DA MITEU MARICASTAÑA. AULA UNIVERSITARIA DE OURENSE (GALICIA)	<i>Premio ao Cine Clube Padre Feijoo Desequilibrios</i>	TEATRO PRINCIPAL	15 min. 80 min.	3 €

- Todas as noites tralas funcións no CAFÉ AURIENSE: PUNTO DE ENCONTRO (Compañías, espectadores)
- Varios días no TEATRO PRINCIPAL: ENCONTROS COA PRENSA
- Varios días ás 19'00 h. nas RÚAS DA CIDADE: TRÉCOLA TEATRO CON PROMOCIÓNS DA MITEU
- Varios días, no ESPAZO DE ACTUACIÓN: COLOQUIO AO REMATE DALGUNHA FUNCIÓN (anunciarase)
- ENTRADAS Á VENDA NA BILLETEIRA DO TEATRO PRINCIPAL PARA O PROPIO DÍA DA REPRESENTACIÓN E O DÍA SEGUINTE)
Horario no **Teatro Principal**: 2 horas antes das funcións
As entradas dos **días 14** (Teatro del barrio-Alberto Sanjuan), **21** (Budiño) e **30** (Gala pro-Palestina) estarán á venda en *Ataquilla.com*
Entradas no **Liceo**: 1 hora antes da función
- TODA A INFORMACIÓN en **www.miteu.es** (a partir do 3 de abril)

XOVES 11 DE ABRIL

GRUPO	AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO ROSAURA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	OPERACIÓN RESCATE
DRAMATURXIA	SABELA GAGO
LUGAR	RÚAS DE OURENSE (R/ Lamas Carvajal -Liceo- e Xardíns de Padre Feijoo)
HORA	19.00
DURACIÓN	50'
TARIFA	LIBRE
DIRECCIÓN	SABELA GAGO

ELENCO:

Raquel Gil, María Victoria Fraga, Mihaela Liliana Radianu, Olaya Anais Pazos, Helena Rodríguez, Andrea García Gómez, Duvan Gerardo Velasco, Ana Álvarez, Nuria Conde, Rocío Paz

Técnicos: José Manuel Bayón e Rubén Dobaño

Cremos no riso e na gargallada; apostamos pola palabra, pola poesía que conmove; practicamos as artes, pintamos os soños, poñémoslle sons ás apertas; regresamos para ser as nenas que fomos e reivindicamos sentir por sentir. Cremos en nós e tamén en ti.



XOVES 11 DE ABRIL

GRUPO	SIN MENTE TEATRO
PROCEDENCIA	COLOMBIA
ESPECTÁCULO	TOMÁS, cuando el silencio es complicidad
AUTORA	EDNA ROCÍO LEÓN M.
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	47'
TARIFA	5€
DIRECCIÓN	GERMÁN FRASIO MONTEGIMENO

ELENCO:


Diana Rocha Torres e Rocío León

Actor/músico: Diego Cañón

Arte: Annabelle Bruyas

O sentimento de culpa é un verme que corroe a vida de “Ela”. Foi testemuña de un escuro episodio na infancia do seu amigo Tomás, converténdose no escudo que amortiguou os traumas. O seu silencio é unha condena que a fixo cómplice e o seu presente faise pesaroso polas lembranzas que a atormentan. A través da linguaxe corporal, actoral, visual, musical e do manexo do títere, esta obra brinda á espectadora/espectador unha posta en escena cargada de imaxes e sensacións que transitan entre alegrías e mágoas.





VENRES 12 DE ABRIL

GRUPO	AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO CORDELIA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	RETRATO DUN TREMOR
DRAMATURXIA	FINA CALLEJA, inspirada en <i>En un sol amarillo</i> de Cesar Brié e Teatro de los Andes
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	45'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	FINA CALLEJA

ELENCO:

Adrián Castro, Amada Saa, Olga Suárez, Andrea Victoria Reinoso, Marta Santos, Silvia Cortón, Yasmín Gómez, Raluca María Cojocar, Diego Galdo, Dalia Jiménez, Emilio Rey, Severino David Hermida.

Auxiliar de dirección	Héctor Martínez
Espazo escénico	Carlos Domínguez
Técnico (luz e son)	José Manuel Bayón

Un terremoto deixa de ser noticia no momento en que se apagan as cámaras e os cronistas se retiran.

Xa non hai fotos e comézanse a vivir en primeira persoa as consecuencias da corrupción, dos roubos.

Os sobreviventes comezan a coñecer o terremoto, a convivir día a día co destruído, coa mesquindade e a solidariedade.

Pivotando entre o "documental" e o esperpento, tomamos como referente esta creación colectiva de Teatro de los Andes para reafirmarnos en que *non existe a democracia onde reina a miseria*.



DOMINGO 14 DE ABRIL

GRUPO	ALBERTO SAN JUAN (Teatro del Barrio)
PROCEDENCIA	MADRID
ESPECTÁCULO	AUTORRETRATO DE UN JOVEN CAPITALISTA ESPAÑOL
AUTOR	ALBERTO SAN JUAN
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	19.00
DURACIÓN	80'
TARIFA	12€ - 10€ - 8€ (á venta en Ataquilla.com)
DIRECCIÓN	ALBERTO SAN JUAN


ELENCO: Alberto San Juan

Deseño de iluminación: Raúl Baena

Un monólogo no que Alberto San Juan fala da súa vida para falar da vida no seu país, dende o ano do seu nacemento, 1968, ata hoxe.

“Teño o meu diñeiro nun dos bancos máis importantes deste país, que é un banco que especula con alimentos. Entre outras actividades. Hai unhas semanas estivemos ceando xuntos un grupo de amigos e pasamos a noite falando das inxustizas que están ocorrendo. Cando trouxeron a conta, cada un sacou a súa tarxeta dalgúns dos bancos máis importantes deste país, que son bancos que especulan con alimentos, botan á xente das súas casas ou comercian con armas prohibidas. (...) Sei que vivo nunha sociedade inxusta ata a crueldade. E quero que cambie. Pero non sei se estou disposto a arriscarme a perder no intento todo o que teño. Quero conservar a miña fama, a miña cotización comercial, as miñas propiedades. Estou falando en serio. Son un xove capitalista español”.





MARTES 16 DE ABRIL

GRUPO	COMPAÑÍA DE TEATRO DE LA UPNA. PAMPLONA
PROCEDENCIA	NAFARROA
ESPECTÁCULO	(DES)DE LOS ESCOMBROS
AUTORA	MARÍA PRADO
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	60'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	ÓSCAR ORZAIZ RESANO

ELENCO: Adriana Echaide Escudero, Amaia Femia Comesañas, Carlos Goyache Sarasa, Eva Iráizoz Iráizoz, Marta Remírez Beorlegui, Elisabet Valls Lezáun, Natalia Zúñiga Ezcurra

Diseñadora Gráfica	Ione Leiva Monasterio
Coreografía	Uxue Redin Hurtado.

(Des)de los escombros é unha obra, onde se cruzan comedia e drama, sobre xuventude e precariedade; sobre a (im)posibilidade de pensar un futuro; sobre as ilusións; sobre o conto da leiteira. Fragmentos de historias, de cántaros rotos en distintos lugares e tempos. Esperanzas e medos diante dunha sociedade de contradicións e incertidumes: a nenez, a xuventude, a madurez unidas entre o pasado, o presente. ...E o futuro?



VENRES 19 DE ABRIL

GRUPO	FACTORÍA DE SUBSISTENCIA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	RESPIRANDO... SEMPRE!! (CONCERTO)
AUTOR	JOSITO PORTO
LUGAR	CAFÉ AURIENSE
HORA	20.30
DURACIÓN	70'
TARIFA	LIBRE (pago da consumición)

ELENCO:

Josito Porto (voz e guitarra)

Sabela Dacal (acordeón, teclado e voces)

Rafa Otero (baixo e voces)

Adrián Ríos (batería)

Presentación do terceiro traballo de Factoría de Subsistencia, “Respirando ... Sempre!!”

En clave de rock and roll, o grupo ofrece, neste terceiro disco, letras cargadas de humor negro, reflexión filosófica e crítica social.



SÁBADO 20 DE ABRIL

GRUPO	TEATRO EL MAYAL - ULE. LEÓN
PROCEDENCIA	CASTILLA Y LEÓN
ESPECTÁCULO	SANGRE CARBÓN
AUTORA	LOLA FERNÁNDEZ DE SEVILLA
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	60'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	JAVIER R. DE LA VARGA

ELENCO: Alberto Ferrer, Alberto Vallejo, Borja Cerón, Carmen Vega, Claudia S. Calzado, Javier González, Leyre Cotarelo, Lucía Abel, Lucía Redondo, Natalia Fernández, Teresa González

Vestuario e atrezzo	Teatro El Mayal – ULE
Espazo escénico	Teatro El Mayal – ULE
Espazo sonoro	Javier González - Borja Cerón - Lucía Redondo
Iluminación	Javier R. de la Varga
Fotografía	Sergio González e Juanluisgx
Dramaturxia e dirección	Javier R. de la Varga
Producción	Universidad de León. Área de actividades culturales. Vicerrectorado de responsabilidad social, cultura y deportes

Sangre carbón é o berro dunha terra arrasada polos homes. Marusina chora polo seu irmán Mario, morto na mina; Mara trata de convencela de que ambas están vivas e deben esquecer. Como toda traxedia, esta é a historia dunha transgresión: a que comete Mara, a súa protagonista, para salvar a vida da súa irmá Marusina. É unha viaxe ao interior da terra e tamén ao fondo de si mesma, unicamente por amor.



DOMINGO 21 DE ABRIL

GRUPO	BUDIÑO
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	BRANCA VELA (CONCERTO)
AUTOR	BUDIÑO
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	19.00
DURACIÓN	80'
TARIFA	19€ - 17€ (entradas á venta en Ataquilla.com)
DIRECCIÓN	BUDIÑO

ELENCO:

BUDIÑO: Voz, gaita, frauta, guitarra, electrónica.

INÉS SALVADO: Voz, percusión electrónica e tradicional.

ANDRÉS BOUTUREIRA: Percusión tradicional, guitarra, tecla

TANIA CAAMAÑO: Voz e percusión tradicional.

FRAN BARCIA: Acordeón, percusión tradicional, teclado.

O músico e compositor Budiño publica BRANCA VELA, o seu oitavo álbum, no que busca “descolocar de novo” ao seu público cunha mistura entre a percusión tradicional e unha electrónica “orgánica”, todo isto combinado con algunhas das grandes voces do circuíto galego como son Guadi Galego, Leilía ou De Vacas. Tamén resaltan neste traballo as propias letras das cancións, onde Budiño conta coa colaboración de dúas grandes figuras da literatura galega como son Manuel Rivas e Antía Otero.

O oitavo disco do compositor galego contará cun espectáculo en directo exclusivo que combinará o virtuosismo do músico, unha banda de novos talentos e algunhas das mellores voces deste país. O novo directo de Budiño promete ser unha gran conxunción de música e baile, do tradicional coa vangarda, é un espectáculo exclusivo e irrepetible, unha oportunidade única.



Rebelica



MARTES 23 DE ABRIL

GRUPO	TEATR'UBI (Grupo de Teatro da Universidade da Beira Interior)
PROCEDENCIA	PORTUGAL (COVILHÃ)
ESPECTÁCULO	NÔ_CEGO
AUTOR	RUI PIRES
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	40'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	RUI PIRES

COCREACIÓN E INTERPRETACIÓN : David Gaspar, Paula Aleixo, Sara Cruz Pinheiro

Textos	A M Duarte, Sanglier Volant
Voz <i>Off</i>	Sérgio Novo
Deseño de Luz	Pedro Fonseca/coletivo, ac
Deseño de Son	Henrique Vilão
Edición Sonora	João Gomes
Técnica	Nuno Madaleno, Pedro Fonseca/coletivo, acTécnico de Estudio Renato Gonçalves
Escenografía	ASTA
Vestuario	TeatrUBI
Costureira	São Bizarro
Cartel	Rafaela M. Almeida
Fotografía	Sérgio Novo
Teaser	Yesid Aristizabal Marin
Coprodución	TeatrUBI ASTA

Apoios Câmara Municipal da Covilhã, Instituto Português do Desporto e Juventude oriental de são martinho, Ritmo Estúdio
ASTA estrutura financiada por República Portuguesa|Cultura / Direção Geral das Artes

Encontrámonos num traxecto calquera, no medio do mar, camiñamos de lado a lado e despois, así, de súpeto, sen máis, todo se desfai. Quería durmir para sempre! Para que pasase a dor! Todo é un xogo. Todo non deixa de ser un ensaio. Podemos morrer, repetir e morrer mellor, repetir veces sen conta ata encontrar a mellor maneira de morrer. Pensaba que aquel momento podería durar para sempre e que nada máis existía alén. Mais basta un minuto para que as cousas se tornen diferentes. Basta apenas un segundo... ao final o eterno é efémero.



XOVES 25 DE ABRIL

GRUPO	AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	ESTUPIDEZ ARTIFICIAL
AUTORÍA	A PARTIR DE TEXTOS DE MANUEL CORTÉS, ANA ABAD DE LARRIVA, DÉBORAH VUKUSIC
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	18.00
DURACIÓN	50'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	SALVADOR DEL RÍO


ELENCO: Carolina Rufián García, Xaime Reboiras, Suso Riveiro Bello, Luísa Silvela Costoya, Mabel Fernández Comesaña, Xulio Mera González

Escenografía	Ningures
Vestuario	Sonia Rua
Iluminación	Salvador del Río
Axte. Dirección	Omar Ferrin

En *Estupidez Artificial* contamos tres historias que teñen como nexo común a intelixencia artificial, unha ferramenta chamada a revolucionar a maneira en que os seres humanos teñen ou terán que relacionarse.

A búsqueda de compañía para escapar da soedade, a búsqueda de inspiración dun artista frustrado ou a búsqueda da fórmula para dominar o mundo constitúen as máximas dos protagonistas da montaxe.

Montaxe realizada a partir dos seguintes textos presentados no Torneo de Dramaturxia dentro da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas: *O Inesperado encontrou entre William Henry Gates III e o Incerto Señor Stephen William Hawking I* de Manuel Cortés; *Os Robots non saben abrazar* de Ana Abad de Larriva; *Musas do Metal* de Déborah Vukusic



XOVES 25 DE ABRIL

GRUPO	AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE VIGO
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN
AUTOR	WILLIAM SHAKESPEARE
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	70'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	CASILDA ALFARO e SONIA RÚA

ELENCO: Andrea Busto Castiñeira, Antón Abal Rúa, Aroa Blanco Escanciano, Azael Durán Alonso, Cecilia Jiménez López, Juan Diego Comesaña Lorenzo, Laura Alonso Estévez, Laura Pousada Barrio, Lidia Gutiérrez Marín, María Luísa Fernández Arrabal, Miguel Rodríguez Carretero, Natalia Sías Paramos, Sofía Fernández Cidrás, Yeraí Orts Covelo

VESTIARIO	SONIA RÚA
MÚSICA	MIGUEL R. CARRETERO
ESCENOGRAFIA	NINGURES
ILUMINACIÓN	HÉCTOR PAZOS
FOTOGRAFÍA E CARTEL	DIEGO SEIXO

Durante os días previos ás nupcias de Teseo e Hipólita, Herminia e Lisandro, dous mozos namorados, foxen da cidade para poder casar en segredo. O pai de Herminia quere casala con Demetrio e desaproba esa relación. Son seguidos ao bosque por Demetrio –namorado de Herminia – e Helena –namorada de Demetrio.

Nese bosque habitan seres máxicos, como Oberon e Titania, rei e raíña das fadas, que logo dunha das súas múltiples pelexas, e grazas ao máxico elixir dunha bela flor, farán que toda a realidade se altere. Desta maneira, os namorados namorarán de quen non corresponde, e ata a mesma raíña das fadas acabará amando... a quen non debe.

Ao final, ninguén saberá dicir se todo o ocorrido foi verdade ou un soño.

Mentres todo isto sucede, unha compañía de cómicos, ensaia unha comedia que representará na voda de Teseo e Hipólita.




VENRES 26 DE ABRIL

GRUPO	ALDAOLADO
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	O BENQUERER(SE)
AUTORAS	MARÍA LADO e LUCÍA ALDAO
LUGAR	LICEO
HORA	23.00
DURACIÓN	50'
TARIFA	5€
DIRECCIÓN	MARÍA LADO e LUCÍA ALDAO

ELENCO: María Lado e Lucía Aldao

Neste espectáculo as poetas Lucía Aldao e María Lado mesturan poemas, música e historias para facer visibles as desigualdades que as mulleres seguimos atopando na nosa vida pública e privada. Cun afiado sentido do humor, Aldaolado falan do patriarcado, do feminismo, da discriminación de xénero, do amor a unha mesma e de todos os temas cos que van tropezando no seu camiño cara o apoderamento. Partindo de experiencias propias e doutras mulleres que marcaron a nosa historia, conforman este espectáculo cheo reflexión, risas e amor. Porque ser muller é tamén aprender a quererse e querer ás outras, e, se fai falla, rirse dunha mesma e das nosas pantasma.





DOMINGO 28 DE ABRIL

GRUPO	COMPAÑÍA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA USC-LUGO
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	DEIXANDO A PEL
DRAMATURXIA	ANDREA GONZÁLEZ
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	19.00
DURACIÓN	50'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	ANDREA GONZÁLEZ GARCÍA

ELENCO: Ana Páez, Aitana López Noyes, Andrea Maseda Prado, Alba Giráldez González, Anna Aycoberry, Camila Besuschio, Mohja Bouferma

Técnico: Zo Vixion

DEIXANDO A PEL danza entre varios mundos, varias personaxes presas da mesma historia. Xuventude, amor, xénero e frustración serán os protagonistas que tratarán de sobrevivir nunha sociedade deshumanizada.

Non é a sociedade a que está mal? Cal é o límite dunha persoa? Ata onde podemos presionar a un ser humano ata que faga o innomeable?

Mocidade, suicidio adolescente, disforia de xénero, frustración e crítica social.

Unha dramaturxia de Andrea González inspirada no personaxe de Sexismundo da obra *A vida é soño* de Calderón de la Barca; na película 'Laurence Anyways' de Xavier Dolan e en múltiples investigacións e relatos anónimos.



DOMINGO 28 DE ABRIL

GRUPO	TRIFÁSICO TEATRO (ESAD)
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	HÁMSTER
AUTOR	SANTIAGO CORTEGOSO
LUGAR	LICEO
HORA	20.30
DURACIÓN	55'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	NATALIA FEIJOO

ELENCO: Alba Lago e Álvaro Lourido

Deseño de iluminación	Aldara Vázquez
Espazo sonoro	Natalia Feijoo
Deseño de movemento	Trifásico Teatro
Deseño de vestuario e caracterización	Trifásico Teatro
Colabora	ESAD de Galicia

ELA é a femia. EL é o macho. Habitan un espazo que é seu e á vez que non escolleron, comen o que teñen ao seu alcance, dan voltas procurando a súa propia identidade, actúan para unhas espectadoras que non decidiron ter e que nunca deixan de mirar. Pasan os días en catividade, ela ansía saír ao exterior salvaxe e el fai desta gaiola o seu acomodo seguro.

Vivimos arrexuntadas en grandes edificios con apartamentos idénticos, dando voltas nunha rutina que soñamos con romper, amosando unha imaxe de nós mesmas creada para gustar a quen nos mira. Podes ser ti mesma nun lugar no que non escolliches estar? Quen somos cando ninguén nos mira? Nesta traxicomedia, as personaxes roen todo o que define a súa existencia dun xeito ácido e dinámico, como os hámsters que son.

Terá saída a súa gaiola?



MARTES 30 DE ABRIL

GRUPO	EMULSIÓN TEATRO
PROCEDENCIA	EXTREMADURA
ESPECTÁCULO	BRÜNILDA, VALQUIRIA, MUJER Y CANTANTE
AUTORÍA	SOLO YONI / ASUNCIÓN MIERES
LUGAR	LICEO
HORA	19.00
DURACIÓN	65'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	JONATHAN GONZÁLEZ

ELENCO: Asunción Mieres

Diseño vestuario, perruquería e caracterización	Juanjo Gragera
Diseño iluminación e espazo sonoro	Rafael Santana
Dirección técnica	Rafael Santana
Diseño gráfico e cartelería	Marta Barroso
Prensa e comunicación	GesPROec Comunicación
Produción e distribución	Emulsión Teatro
Voz en OFF	Lucía Semedo

Brunilda é unha Valquiria condenada por Odín, por desobedecelo, a vivir eternamente nun sono profundo ata que un cabaleiro logre espertala e libérala da súa maldición. Sóavos de algo esta historia? Unha muller condenada por un home e rescatada por outro home. A historia de sempre, pero con aspecto de conto nórdico.

Unha cantante de ópera, Camila Sixta, prepárase para a estrea do papel da súa vida: interpretar a Brunilda en "A Valquiria", a obra mestra de Wagner. Sometida a moita presión por parte do director, da prensa e dela mesma, queda sen voz minutos antes de saír a escena, por culpa dun ataque de ansiedade. O medo a perder o papel e que non a volvan contratar nunca máis, fai que sexa quen de calquera cousa por recuperar a voz e saír airosa, con tal de que nunca digan dela que está acabada.

Brunilda é unha comedia crítica que fala da situación das mulleres de mediana idade, nun sector profesional moi particular, pero que se pode comparar con calquera outro, pois as situacións, os medos e as solucións veñen a ser as mesmas.



MARTES 30 DE ABRIL

GRUPO	PALLASOS EN REBELDÍA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	CULTURA CONTRA A BARBARIE A PROL DE PALESTINA
AUTORÍA	VARIAS
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	90'
TARIFA	12- 10-8€ e butaca 0 (entradas á venta en Ataquilla.com)
DIRECCIÓN	VARIAS

ARTISTAS:

MAGO TETO

LETI DA TABERNA

DANI BLANCO

THE TETAS VAN

O SONORO MAXÍN

Coa intervención de colectivos pro-palestinos de Ourense

Gala solidaria en favor do pobo palestino que Pallasos en Rebeldía, xunto con Culturactiva, organizan en todo o Estado, para recadar fondos que irán directamente á Franxa de Gaza.

Este evento solidario reúne artistas do ámbito da música e das artes escénicas. Unha oportunidade para reivindicar os dereitos do pobo palestino a través da cultura e da arte.

Todo o recadado irá destinado a *Gaza Stars Circus School*, unha entidade local coa que colabora Pallasos en Rebeldía, e que traballa directamente con nenos e nenas, proporcionándolles bens básicos como alimentos, medicinas e roupa.





MÉRCORES 1 DE MAIO

GRUPO	AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE BURGOS
PROCEDENCIA	CASTILLA Y LEÓN
ESPECTÁCULO	CON-SUMO CUIDADO
DRAMATURGIA	JUAN LUIS SÁEZ
LUGAR	LICEO
HORA	20.00
DURACIÓN	85'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	JUAN LUIS SÁEZ

ELENCO: John Halnan, Félix Moral, Beatriz García, Laura González, Laura Sáez, Carolina Wagner, Mohamed Amine e Celia Díaz.

O espectáculo é un *collage* de fragmentos de obras de diversos autores referentes ao tema do consumo. O mercado global e os novos mecanismos de comunicación convértemos en consumidores compulsivos. Pódese dicir que somos, na medida en que consumimos. A mocidade é un grupo de risco nesta nova actividade que, se se fai de maneira irresponsable, lévanos a contribuír con inxustas condicións de traballo que algunhas persoas teñen que sufrir por nacer nun país menos desenvolvido, na degradación do medio ambiente e na sobre explotación dos recursos naturais do planeta.

A obra presenta distintos puntos de vista respecto ao que supón a globalización e o consumo irresponsable. o estilo é variado segundo os distintos textos, pero sempre expostos de xeito lúdico, dende a *performance* á parodia, o traballo coral, teatro visual, etc. Todo en función de concienciar e crear espírito crítico no espectador.



XOVES 2 DE MAIO

GRUPO	AULA DE TEATRO DA USC. SANTIAGO
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	ANTROPOLOXÍA DO BICO (A SÍNDROME DO TÚNEL CARPIANO)
AUTORÍA	VARIOS
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	40'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	ROBERTO SALGUEIRO

ELENCO: Laura Valeiras, Paulinho Pereiro

Deseño espazo escénico e iluminación: Roberto Salgueiro

Cal é a finalidade principal da boca? Comer, morder, falar? Non, bicar. A ausencia ou presenza dos bicos na nosa vida diaria determina o que pensamos, o que queremos, o que odiamos, a que lle temos medo e por que repetimos incansablemente as mesmas accións, como amasar a fariña ou ensaiar coa guitarra, por exemplo. Outros fan atletismo ou len.



VENRES 3 DE MAIO

GRUPO	EDUCACIÓN A TRAVÉS DA DANZA (CAMPUS DE OURENSE)
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	O XARDÍN DAS DANZAS
AUTORA	AINHOA LINAZA E ESTUDANTES DO OBRADOIRO de EDUCACIÓN a TRAVÉS da DANZA da UVIGO
LUGAR	PRAZA DE SAN MARTIÑO
HORA	19.30
DURACIÓN	40'
TARIFA	LIBRE
DIRECCIÓN	AINHOA LINAZA

ELENCO: Mariña Fernández, Cristina Garrido, Christian Gómez, Gabriela Gómez, Lucía García, Noelia Mallón, Aida Souto, Paula González, Ainhoa Linaza

Viaxe pola danza folklórica de diferentes países: bailaremos danzas sociais grupais de México, Irlanda e España. E invitaremos ao público infantil a aprender, cantar e danzar con nós por Francia, Polonia, Brasil, Países Baixos e Tanzania

Espectáculo/obradoiro participativo para público infantil.



VENRES 3 DE MAIO

GRUPO	ERTZA
PROCEDENCIA	MOZAMBIQUE / EUSKADI
ESPECTÁCULO	OTEMPODIZ
AUTOR	ASIER ZABALETA
LUGAR	PRAZA DE SAN MARTÍÑO
HORA	20.30
DURACIÓN	25'
TARIFA	LIBRE
DIRECCIÓN	ASIER ZABALETA

ELENCO: Fenias Nhumaió e Deissane Machava.

COREOGRAFÍA	Asier Zabaleta.
MÚSICA	Varios.
APOIOS	AECID, SORTUTAKOAK (Gipuzkoako Dantzagunea), ATLANTIKALDIA.
PRODUCCIÓN	ERTZA SORKUNTZA ARTISTIKOA S.L.

VÓS TENDES O RELOXO, NÓS TEMOS O TEMPO. Dise que en occidente o tempo cóntase, mídese, mércase, véndese, planifícase, organízase: é un ben obxectivo, independente do ser humano, que usamos para facer cousas, pero case sempre nos falta. Porén, en África o tempo vívese, tense, faise: é un ben subxectivo e inherente ao ser humano que se habita e case nunca falta.

O feito de que nazamos nun lugar do mundo concreto marca indefectiblemente a noción que temos do tempo, e aínda que nada é inamovible, dificilmente conseguiremos desprendernos desa primeira noción adquirida. O tempo pódese vivir de moitas maneiras, incluso ser escravo del; pero o que non se pode negar, e isto é válido para calquera recuncho do mundo, é o poder que nos dá a danza, sexa cal sexa a súa orixe, xénero ou condición, para vivir o tempo nun presente absoluto.





SÁBADO 4 DE MAIO

GRUPOS	AULA DE DANZA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA / AULA DE DANZA DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO / CÍA. DE DANZA USC LUGO / A CASA VELLA DANZA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	13ª XORNADAS DE DANZA
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.00
DURACIÓN	75'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	NURIA SOTELO

AULA DE DANZA DO CAMPUS DE OURENSE UVIGO presenta BOLERO

Elenco: Ainhoa Linaza, Ánxela Arcas, Belén Ferro, Mercedes Ferro, Noelia Estévez, Juan García-Mauriño, Yolanda Pérez, Claudia De Sas, Laura Mojica, Lucía Feijoo, Sira González, Sonia Paz

Creada e dirixida por Nuria Sotelo coas alumnas da Aula de danza

Tomando de referencia o estudo do Bolero de Ravel de Maurice Béjart, e apropiándonos dalgúns dos seus movementos, facemos unha coreografía conxunta baixo as regras dun xogo que permite ás intérpretes compoñer un espazo común.

A AULA DE DANZA DA UDC presenta ... E TODO O DEMAIS NON IMPORTA

Creación e dirección: Alba Fernández Coteló.

Elenco e co-creación: Marta Leira, Alejandro Varela, Ana Blanco, Alfonso Louro, Sonia Franco, Remedios Cuba, Aida González, Sandra Martínez, Fabiola Fraga e Paula Silvarrey.

Cando es unha persoa pequena déixaste influenciar por todo o que está ao teu arredor. Agora, dende o baleiro, estou á procura de min mesma, para atoparme de verdade. Non querer o convencional. Loitar polo que penso. A base sempre foi ser unha persoa feliz e libre. Quixera aferrarme a ese sentimento e vivir permanentemente nesa canción. *Forever trusting who we are.... No, nothing else matters.*

ESPAZO DE DANZA DA USC - LUGO presenta MIGRACIÓNS

Elenco / bailarinas: Alicia Collazo, Lucía Fernández, Inés Fernández, Andrea Gil, Ayla Leiva e Sonia L.Pumarega.

Creada por Rosa Acuña

Arranxos musicais: Iria Estévez e Gonzo Piña / **Vestuario:** Espazo de Danza da USC / **Produción:** Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC.

Dirección da Aula: Juan Carlos Zahera

A vida como unha viaxe en movemento.

Dende as células do organismo, os animais, ata o ser humano, migramos por moitas causas... supervivencia, cambio, adaptación, aprendizaxe e necesidade.

Sen migración non existiría a vida e todos formamos parte desa migración constante.

A CASA VELLA presenta TÓCAME E BÁILOTE

Elenco: Maria José, Valerie, Getse, Clara e Vivi

Creada e dirixida por Nuria Sotelo






MÉRCORES 8 DE MAIO

GRUPO	QUICO CADAVAL - EXCÉNTRICAS
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	30 ANOS A CONTAR ESTÓRIAS. NOTAS DE RODAPÉ.
AUTOR	QUICO CADAVAL
LUGAR	LICEO
HORA	20.30
DURACIÓN	90'. <i>Mais ou menos. A pedido da mostra cronometrará-se</i>
TARIFA	LIBRE
DIRECCIÓN	CADAVAL

ELENCO: Quico Cadaval

Thirty years ago Cadaval foi para um palco teatral. Fixo o que fazia na casa depois de comer. Contar estórias que se transformavam a cada volta. Converteu-se no seu ofício. O ofício resultou itinerante. Em noventa minutos vai evocar essa carreira, tentar descobrir o segredo dos contos e responder as perguntas do público, sobre esse itinerário vital e artístico. Respostas em forma de conto como nos clássicos “Calila e Dimna” ou Mahabaratta”. Ou “As 1001 noites”



QUICO
CADAVAL

30

ANOS A
CONTAR
HISTORIAS.
NOTAS DE
RODAPÉ

AT
LANTICA
Assoc. Mercado Atlântico

Facebook Twitter Instagram YouTube
festivalatlantica.gal

2020 - 30 ANOS DE HISTÓRIA DO ATLÂNTICO






festivalatlantica.gal

XOVES 9 DE MAIO

CLAUSURA DA 29ª MITEU. TEATRO PRINCIPAL. 20'00

PREMIO DA 29 MITEU: Cine Clube Padre Feijoo



A principios do curso 1970-71 naceu, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, o **cineclube «Padre Feijoo»**

Logo de ser unha referencia cultural na ditadura e na transición, e de sucumbir no seu día ás presións do sector máis retrógrado da sociedade, até o punto de acabar sendo unha entidade marxinal, os xestores souberon revitalizar este foro que é fundamental na nosa cultura, e aglutinar aos amantes da cinematografía ao redor de filmes que non acostuman a chegar ás nosas salas de proxección, pezas fundamentais da sétima arte que de non ser polo tesón e interese cultural amosado polo cineclube, non serían accesibles aos ourensáns.

As proxeccións do cineclube «Padre Feijoo» teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais, até salóns de actos públicos (como o Teatro Principal) ou privados.



O **Padre Feijoo** é un dos cineclubes máis activos e antigos de Galicia. Aínda sen local propio, mantén unha ampla actividade. A resposta dos cidadáns e a súa asistencia, unha das máis altas do Estado.

Din e fan:

“Non hai dúbida de que na nosa cidade a política e a cultura viven tempos escuros, e de que sufrimos puro infortunio con cada goberno municipal, pero o noso camiño é visible: seguir dando luz a máis de cen filmes ao ano nesa nosa pantalla, dispoñible para todos na Casa da Cultura”

XOVES 9 DE MAIO

GRUPO	AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO MARICASTAÑA
PROCEDENCIA	GALICIA
ESPECTÁCULO	DESEQUILIBRIOS
AUTOR	DRAMATURXIA DE FERNANDO DACOSTA
Inspirada libremente en <i>Alguén voou sobre o niño do cuco</i> de Ken Kesey	
LUGAR	TEATRO PRINCIPAL
HORA	20.15
DURACIÓN	80'
TARIFA	3€
DIRECCIÓN	FERNANDO DACOSTA

ELENCO (por orde de intervención): Nerea Rodríguez, Carmen Blanco, Miguel Estévez, Marisol Amoeiro, Lola Fernández, Antonio Praza, Gonzalo Otero, Tatiana González, Iria Losada, Nuria Saco, Irene Pérez, Antonio Miranda, Iván Iglesias

Iluminación, atrezzo e técnicos en xira	José Manuel Bayón, Rubén Dobaño
Vestuario e complementos:	Tegra
Cartel e programa	Pablo Otero
Fotografía e gravación	Alba Vázquez
Música	Renata Codda Fons
Espazo escénico	Fernando Dacosta
Grazas Á RESA Ourense (Residencia Universitaria As Burgas) e a Leticia Álvarez "Lele"	

O manicomio é o lugar onde van parar as persoas que son diferentes, que non encaixan nunha sociedade que busca o (seu) equilibrio para poder ter todo controlado de cara á produtividade. O tolo, o desequilibrado, é recluído e tratado co fin de recuperarse para esa sociedade: non debe saír dos cánones establecidos.

Esta é unha historia de forzas en oposición: as daquelas persoas que teñen o poder e queren perpetuarse nel e as que o cuestionan desde a súa loucura. É tamén unha historia de amizade, de revolta, de represión, de creatividade, de amor, de liderazgo, de sacrificio. Contén o humor e a morte, a comedia e a traxedia, como a vida mesma. Pon diante de nós os desequilibrios que afrontamos cada día. O lado da balanza no que decidamos poñernos é cousa nosa.

Equipo docente de Sarabela Teatro curso 23-24: Fina Calleja, Sabela Gago, Flor Figueroa, Elena Seijo, Fernando Dacos
Técnico de Cultura do Campus de Ourense: Filemón Rivas
Vicerreitor do Campus de Ourense: Javier Rodríguez Rajo
Vicerreitora de Extensión Universitaria: Susana Reboreda Morillo
É unha produción da *Vicerreitoría do Campus de Ourense (Universidade de Vigo)*





29ª MITEU 2024

GRUPOS E ACTIVIDADES

TEATRO UNIVERSITARIO

AULA UNIVERSITARIA DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO ROSAURA
Xoves 11 - 19.00 - Rúa

AULA UNIVERSITARIA DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO CORDELIA
Venres 12 - 20.00 - Teatro Principal

GRUPO DE TEATRO DA UPNA. NAFARROA
Martes 16 - 20.00 - Teatro Principal

TEATRO EL MAYAL. LEÓN
Sábado 20 - 20.00 - Teatro Principal

TEATRÚBI. COVILHÃ. PORTUGAL
Martes 23 - 20.00 - Teatro Principal

AULA DE TEATRO DE PONTEVEDRA. UVIGO
Xoves 25 - 18.00 - Teatro Principal

AULA DE TEATRO DE VIGO. UVIGO
Xoves 25 - 20.00 - Teatro Principal

AULA DE TEATRO DA USC. LUGO
Domingo 28 - 19.00 - Teatro Principal

TRIFÁSICO TEATRO. ESAD GALICIA
Domingo 28 - 20.30 - Liceo

AULA DE TEATRO DE BURGOS
Mércores 1 - 20.00 - Liceo

AULA DE TEATRO DA USC. SANTIAGO
Xoves 2 - 20.00 - Teatro Principal

EDUCACIÓN A TRAVÉS DA DANZA. CAMPUS DE OURENSE
Venres 3 - 19.30 - Praza de San Martiño

AULAS E GRUPOS DE DANZA DE GALICIA
Sábado 4 - 20.00 - Teatro Principal

AULA UNIVERSITARIA DO CAMPUS DE OURENSE. UVIGO. GRUPO MARICASTAÑA
Xoves 9 - 20.00 - Teatro Principal

TEATRO PROFESIONAL / GRUPOS INVITADOS

COMPAÑÍA SIN MENTE. COLOMBIA

Xoves 11 - 20.00 - Teatro Principal

ALBERTO SAN JUAN - TEATRO DEL BARRIO. MADRID

Domingo 14 - 19.00 - Teatro Principal

FACTORÍA DE SUBSISTENCIA

Venres 19 - 20.30 - Café Auriense

BUDIÑO. GALICIA

Domingo 21 - 19.00 - Teatro Principal

ALDAOLADO. GALICIA

Venres 26 - 23.00 - Liceo

EMULSIÓN TEATRO. EXTREMADURA

Martes 30 - 19.00 - Liceo

PALLASOS EN REBELDÍA. GALICIA

Martes 30 - 20.00 - Teatro Principal

ERTZA. MOZAMBIQUE/EUSKADI

Venres 3 - 20.30 - Praza de San Martiño

QUICO CADAVAL - EXCÉNTRICAS. GALICIA

Mércores 8 - 20.00 - Liceo

OUTRAS ACTIVIDADES

PROMOCIÓN / ANIMACIÓN NA RÚA.

TRÉCOLA TEATRO. Varios días, antes e durante a MITEU

CURSO: A EXPRESIÓN DO CLOWN. Por CARLOS SANTE (Galicia)

Venres 19 de abril de 16.00 a 20.00 e sábado 20 de abril de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00

ENCUENTROS COA PRENSA

Varios días - Teatro Principal

COLOQUIO

Ao remate dalgunhas representacións

PUNTO DE ENCONTRO

Todas as noites tralas funcións - Café Auriense

CLAUSURA 29ª MITEU

Xoves 9 de maio - 20.00 - Teatro Principal

INFORMACIÓN:

ENTRADAS Á VENTA NA BILLETEIRA DO TEATRO PRINCIPAL O MESMO DÍA DA FUNCIÓN E A VÉSPERA.

HORARIO NO TEATRO PRINCIPAL: 2 horas antes das funcións

As entradas do día 14 de abril (Alberto San Juan), 21 de abril (Budiño) e 30 de abril (Pallasos en rebeldía) están tamén á venda por internet en *Ataquilla.com*

No LICEO: Entradas o mesmo día da función unha hora antes.

Toda a información en www.miteu.es a partir do día 3 de abril.

VENRES 19 E SÁBADO 20 DE ABRIL

OBRADOIRO: A EXPRESIÓN DO CLOWN. Por CARLOS SANTE (Galicia)

Venres 19 de abril de 16.00 a 20.00 e sábado 20 de abril de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00

Sala multiusos do Edificio de Ferro -Sala Pardo Bazán-. Campus de Ourense

Inscripción: 40€ no teléfono **630 693 148**

Un curso a partir da metodoloxía de Michel Dallaire que colaborou, xunto cos profesores do antigo Hangar de Mines en Francia, coa escola xurdida do Hangar Manicómico na Coruña, fundada por Marta Iglesias e Carlos Sante.

No obradoiro, abórdanse de maneira lúdica e técnica os elementos de base e o vocabulario deste método formativo. Pátese da autoescoita, a consciencia corporal e a expresividade propia de cada un para traballar na procura dun personaxe aberto e fluído.

OBXECTIVOS;

- Adquirir os elementos de base e vocabulario deste método formativo.
- Tomar conciencia do noso corpo, emocións e fluxo de enerxía.
- Coñecer as cinco etapas e os distintos estilos de humor relacionados con cada unha delas na improvisación.
- Explorar a relación co público e os tempos de xogo.

REQUISITOS:

Máximo 16 alumnos, mínimo 8.

Ser maior de 16, ter un mínimo de experiencia escénica e interese por adentrarse nesta pedagogía.

Asistir ao curso completo

Roupa cómoda.

IMPARTE: Carlos Sante

Actor profesional de teatro, televisión, cine, locucións e dobraxes. Formador teatral, director e especialista en clown e teatro xestual. Fundador da Asociación Cultural Manicómicos e director do seu Festival Internacional de Teatro desde 2004.



A 29ª MITEU CELÉBRASE SENDO:

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Luis Menor

SECRETARIO XERAL DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA

Anxo Lorenzo

VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE

Javier Rodríguez Rajo

VICERREITORA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Susana Reboreda Morillo

DIRECTORA DO TEATRO PRINCIPAL

Olga Mojón

TÉCNICO DE CULTURA DO CAMPUS DE OURENSE

Filemón Rivas

FUNDADOR DE CERVEXAS ESMORGA

Luis Portabales

ORGANIGRAMA 29ª MITEU

DIRECTOR

Fernando Dacosta

COORDINADORA

Sabela Gago

AXUDANTE DE COORDINACIÓN

Alberto Medeiros

TÉCNICOS DA MOSTRA

Técnicos do Teatro Principal. Técnicos de Sarabela: José Manuel Bayón e Rubén Dobaño

DESEÑO GRÁFICO E WEB

Disigna Edenia

FOTOGRAFÍA, VÍDEO PROMOCIONAL E GRAVACIÓN

Alba Vázquez Carpentier

EQUIPO COLABORADOR

Fina Calleja, Elena Seijo. Aula de Teatro Universitaria de Ourense

PROMOCIÓN MITEU NA RÚA

Trécola Teatro

MITEU adicada a quen loita pola cultura, pola xustiza e pola cultura da xustiza

Organiza/Patrocina

Deputación Provincial de Ourense (Teatro Principal)

Universidade de Vigo (Campus de Ourense)

Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Cultura)

Cervexas Esmorga (a cervexa de Ourense)

Next Generation EU

Sarabela Teatro

Colabora

Liceo Ourensán

Café Auriense

ACPP

29ª MITEU DE OURENSE. Eppur si muove.

Podes seguirmos en

No facebook

En Twitter

En Instagram

www.miteu.es

www.facebook.com/miteuourense

@sarabelateatro

miteuourense

Tamén podes seguirmos nas páxinas da Universidade de Vigo, Campus de Ourense
e en www.sarabelateatro.com

PARA SOLICITAR COPIA DESTE PROGRAMA EN DIXITAL, ESCRIBA UN CORREO A:

miteuourense@yahoo.es
